

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032807	IES do Milladoiro	Ames	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua estranxeira - Inglés	3º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	18
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	21

## 1. Introducción

A rápida evolución das sociedades actuais e as súas múltiples interconexións esixen o desenvolvemento daquelas competencias que axuden aos individuos para practicar unha cidadanía independente, activa e comprometida coa realidade contemporánea, cada vez máis global, intercultural e plurilingüe. Tal e como sinala o Marco de Referencia de Competencias para a Cultura Democrática, nas actuais sociedades, culturalmente diversas, os procesos democráticos requiren do diálogo intercultural. Por tanto, a comunicación en distintas linguas resulta clave no desenvolvemento desa cultura democrática. Na idea dun Espazo Europeo de Educación, a comunicación en máis dunha lingua evita que a educación e a formación se vexan obstaculizadas polas fronteiras e favorece a internacionalización e a mobilidade, ademais de permitir o descubrimento doutras culturas ampliando as perspectivas do alumnado. A materia de Lingua Estranxeira contribúe á adquisición das distintas competencias clave que conforman o Perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico e, de forma directa, participa na consecución da competencia plurilingüe, que implica o uso de distintas linguas de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. O plurilingüismo integra non só a dimensión comunicativa, senón tamén os aspectos históricos e interculturais que conducen o alumnado a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural e contribúen a que poida exercer unha cidadanía independente, activa e comprometida cunha sociedade democrática. En consonancia con este enfoque, a materia de Lingua Estranxeira na etapa de Educación Secundaria Obrigatoria ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa apropiada na lingua estranxeira, de modo que permita ao alumnado comprender, expresarse e interactuar na devandita lingua con eficacia, así como o enriquecemento e a expansión da súa conciencia intercultural.

O eixo do currículo de Lingua Estranxeira está atravesado polas dúas dimensións do plurilingüismo: a dimensión comunicativa e a intercultural. As competencias específicas da materia, relacionadas cos descritores das distintas competencias clave do Perfil de saída e cos retos do século XXI, permiten o alumnado comunicarse eficazmente e de forma apropiada na lingua estranxeira e ampliar o seu repertorio lingüístico individual, aproveitando as experiencias propias para mellorar a comunicación tanto nas linguas familiares como nas linguas estranxeiras. Así mesmo, ocupan un lugar importante a valoración e o respecto polos perfís lingüísticos individuais, a aceptación e a adecuación á diversidade cultural, así como o respecto e a curiosidade por outras linguas e polo diálogo intercultural como medio para fomentar a sustentabilidade e a democracia.

Esta materia, ademais, permite ao alumnado desenvolverse mellor nas contornas dixitais e acceder ás culturas vehiculadas a través da lingua estranxeira, tanto como motor de formación e aprendizaxe canto como fonte de información e goce. Neste sentido, as ferramentas dixitais posúen un potencial que podería aproveitarse plenamente para reforzar a aprendizaxe, o ensino e a avaliación de linguas e culturas estranxeiras. Por iso, o desenvolvemento do pensamento crítico, a alfabetización mediática e o uso adecuado, seguro, ético e responsable da tecnoloxía supoñen un elemento de aprendizaxe relevante nesta materia. As competencias específicas da materia de Lingua Estranxeira na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto ás adquiridas durante a Educación Primaria, que serán o punto de partida para esta nova etapa, e desenvolveranse a partir dos repertorios e experiencias do alumnado. Isto implica unha ampliación e unha profundización nas actividades e estratexias comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación, entendida nesta etapa como a actividade orientada a explicar conceptos e simplificar mensaxes co fin de facilitar a comprensión mutua e de transmitir información. A progresión ademais conleva outorgar un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento das linguas e as relacións entre as distintas linguas dos repertorios individuais do alumnado. As competencias específicas da materia de Lingua Estranxeira tamén inclúen a valoración e a adecuación á diversidade lingüística, artística e cultural entre o alumnado co fin de que aprenda a actuar de forma empática e respectuosa en situacións comunicativas interculturais. Os criterios de avaliación da materia determinan o grao de adquisición das competencias específicas por parte do alumnado, polo que se presentan vinculados a elas. Na súa formulación competencial, exponse enunciando o proceso ou capacidade que o alumnado debe adquirir, xunto co contexto ou modo de aplicación e uso do devandito proceso ou capacidade. A nivelación dos criterios de avaliación está baseada no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL), aínda que adecuados á madurez e desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado da etapa de Educación Secundaria. Pola súa banda, os saberes básicos aúnan os coñecementos (saber), as destrezas (saber facer) e as actitudes (saber ser) necesarios para a adquisición das competencias específicas da materia e favorecen a avaliación das aprendizaxes a través dos criterios. Estrutúranse en tres bloques. O bloque «Comunicación» abarca os saberes que é necesario mobilizar para o desenvolvemento das actividades comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación, incluídos os relacionados coa procura de fontes de información e a xestión das fontes consultadas. O bloque «Plurilingüismo» integra os saberes relacionados coa capacidade de reflexionar sobre o funcionamento das linguas, co fin de contribuír

á aprendizaxe da lingua estranxeira e á mellora das linguas que conforman o repertorio lingüístico do alumnado. Por último, no bloque «Interculturalidade» agrúpanse os saberes acerca das culturas vehiculadas a través da lingua estranxeira e a súa valoración como oportunidade de enriquecemento e de relación cos demais. Inclúense tamén neste bloque os saberes orientados ao desenvolvemento de actitudes de interese por entender e apreciar outras linguas, variedades lingüísticas e culturas. O enfoque, a nivelación e a definición dos distintos elementos do currículo están expostos a partir das actividades de lingua e as competencias que establece o Consello de Europa no MCERL. Esta ferramenta é a peza chave para determinar os distintos niveis de competencia que o alumnado adquire nas diferentes actividades e apoia tamén o seu proceso de aprendizaxe, que se entende como dinámico e continuado, flexible e aberto, e debe adecuarse ás súas circunstancias, necesidades e intereses. Espérase que o alumnado sexa quen de poñer en funcionamento todos os saberes básicos no seo de situacións comunicativas propias dos diferentes ámbitos: persoal, social, educativo e profesional, e a partir de textos sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia que inclúan aspectos relacionados cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e os retos e desafíos do século XXI. En consonancia co enfoque orientado á acción que expón o MCERL, que contribúe de maneira significativa ao deseño de metodoloxías eclécticas, o carácter competencial deste currículo convida o profesorado a crear tarefas interdisciplinares, contextualizadas, significativas e relevantes e a desenvolver situacións de aprendizaxe onde se considere ao alumnado como axente social progresivamente autónomo e gradualmente responsable do seu propio proceso de aprendizaxe. Isto implica ter en conta os seus repertorios, intereses e emocións, así como as súas circunstancias específicas, co fin de sentar as bases para a aprendizaxe ao longo de toda a vida.

A presente programación para 3º ESO realizouse seguindo a ordenación e currículo da Educación Secundaria Obrigatoria (LOMLOE). Para a selección e secuenciación de contidos, así como a organización dos mesmos, tomáronse en consideración os seguintes documentos oficiais:

\* Real Decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e os ensinamentos mínimos da Educación Secundaria Obrigatoria. No seu desenvolvemento, en uso da competencia estatal para a ordenación xeral do sistema educativo e para a fixación dos ensinamentos mínimos recollida no artigo 6 bis da lei, este real decreto vén derogar o disposto no Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, e establece os obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa de acordo coa nova ordenación. A concreción en termos competenciais destes fins e principios recóllese no Perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, no que se identifican as competencias clave e o grao de desenvolvemento das mesmas previsto ao finalizar a etapa. Doutra banda, para cada unha das materias, fíxanse as competencias específicas previstas para a etapa, así como os criterios de avaliación e os contidos enunciados en forma de saberes básicos.

\* A Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, modificou o artigo 6 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, para definir o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha dos ensinamentos.

\* Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

\* Real Decreto 1106/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.

Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

## **2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias**

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e interpretar o sentido xeral e os detalles máis relevantes de textos expresados de forma clara e na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos orixinais, de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma creativa, adecuada e coherente mensaxes relevantes e responder a propósitos comunicativos concretos.	1	1-2	1	2	5		1	3
OBX3 - Interactuar con outras persoas con crecente autonomía, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos concretos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3		
OBX4 - Mediar en situacións cotiás entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento e tomando conciencia das estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas.		2	1	2	1-5			
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.	5	3			1-3	3		1

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Time Out	<p>Nesta unidade os alumnos serán quen de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>*Aprender vocabulario relacionado co cine, a música e a literatura.</li> <li>*Ler de forma comprensiva e autónoma un blog sobre datos científicos erróneos en películas e un artigo dixital sobre cidades míticas e lexendarias.</li> <li>*Repasar os tempos presentes, os stative verbs, os tempos pasados e used to, e aprender a utilizar o Present Simple e o Past Simple en pasiva.</li> <li>* Comprender a información clave de un pódcast sobre unha película, varias descricións sobre experiencias musicais e unha descrición dun libro.</li> <li>*De forma oral, expresar opinións, describir acontecementos pasados e falar dun libro.</li> <li>*Redactar a recomendación dunha película, unha mensaxe sobre un concerto, festival ou fiesta e a crítica dun libro.</li> </ul>	10	18	X		
2	People in Action	<p>Nesta unidade os alumnos serán quen de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>*Aprender vocabulario relacionado con verbos, as viaxes e o deporte.</li> <li>*Ler de forma comprensiva e autónoma un artigo sobre roteiros de peregrinaxe.</li> <li>*Aprender a utilizar o Present Perfect Simple, o Past Perfect Simple e as diferenzas de ambos coPast Simple.</li> <li>*Comprender a información chave dunha entrevista sobre un libro, e as descricións de viaxes.</li> <li>*De forma oral, falar sobre experiencias e viaxes, e facer a reserva dun voo.</li> <li>*Redactar unha lista de tarefas pendentes, unha entrada breve sobre unha viaxe e unha biografía dun aventureiro/a, explorador/a ou deportista famoso/a.</li> </ul>	10	17	X		
3	Looking forward	<p>Nesta unidade os alumnos serán quen de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>*Aprender vocabulario relacionado cos animais, a vida urbana e a saúde.</li> <li>*Ler de forma comprensiva e autónoma un artigo sobre a alimentación a base de especies invasoras e outro relacionado coa invención dunha máquina que serve para detectar problemas de saúde a través da análise da pegada olfativa das persoas.</li> <li>*Repasar os tempos futuros y aprender a utilizar o Future Continuous e os condicionais primeiro, segundo e terceiro.</li> <li>*Comprender a información chave dunha conversación para tratar de adiviñar un</li> </ul>	15	17		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Looking forward	animal, unha presentación sobre unha especie invasora, unha conversa sobre predicións e unha conferencia sobre a historia da medicina. *De forma oral, describir un animal, expresar opinións sobre a vila ou cidade onde viven e ofrecer axuda.	15	17		X	
4	Body and mind	Nesta unidade os alumnos serán quen de: *Aprender vocabulario relacionado coa alimentación, a nutrición, as partes do corpo e os adxectivos. *Ler de forma comprensiva e autónoma distintos carteis dun museo sobre o cerebro e unha carta ao director dunha revista. *Aprender a utilizar os modais must, have to, need to, should, can, could, be able to, may e might e as súas formas negativas, así como o comparativo dos adverbios. *Comprender a información chave dunha conversa sobre supersticións relacionadas con diferentes comidas, as explicacións do guía dun museo e unha conversa sobre unha película ou serie. *De forma oral, pedir y dar consello, especular e describirse a un mesmo. *Facer unha enquisa sobre alimentación e nutrición, especular e redactar a descrición dun personaxe.	15	17		X	
5	On the dark side	Nesta unidade os alumnos serán quen de: *Aprender vocabulario relacionado cos verbos, os delitos e as viaxes. *Ler de forma comprensiva e autónoma un texto sobre un asasinato ocorrido hai miles de anos e do itinerario dunha viaxe. *Aprender a utilizar o xerundio e o infinitivo, os pronomes relativos e as oracións especificativas. *Comprender a información chave dunha conversa sobre as bandas sonoras das películas de terror, unha conversa sobre planes e unha conversa telefónica entre unha axente de viaxes e un cliente. *De forma oral, falar sobre o entretenimento relacionado co terror e a adrenalina, sobre un delito e sobre unha viaxe. *Facer unha enquisa sobre o entretenimento relacionado co terror e a adrenalina, escribir os pés de foto de varias fotos e redactar a descrición dun lugar recomendable para visitar.	25	18			X
6	Material world	Nesta unidade os alumnos serán quen de: *Aprender vocabulario relacionado coa moda, os verbos e as compras.	25	18			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Material world	<p>*Ler de forma comprensiva e autónoma un artigo con varios consellos relacionados coa moda e a saúde, e outro sobre o efecto terapéutico das compras.</p> <p>*Aprender a reproducir en estilo indirecto afirmacións, preguntas, ordes, ofrecementos e suxestións.</p> <p>*Comprender la información chave dunha lección sobre diferentes tipos de moda en dúas partes, unha conversa sobre modas e un programa de radio en dúas partes.</p> <p>*De forma oral, describir prendas de roupa e accesorios de moda, falar sobre tendencias e modas, e comprar por Internet.</p> <p>*Escribir entradas nun foro de Internet, facer unha enquisa sobre modas e redactar un correo electrónico para presentar una reclamación.</p>	25	18			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Time Out	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	O alumnado entende textos básicos e exprésase correctamente. Selección a información relevante.	PE	25
CA1.2 - Interpretar e, de forma guiada, valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.	Recoñece os trazos textuais básicos. Interpreta os trazos discursivos.	TI	75
CA2.1 - Comparar e, de forma guiada, argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Recoñece as diferenzas entre as linguas.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propondo con axuda vías de solución a aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Amosa respecto polas opinións dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.</li> <li>- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.</li> <li>- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).</li> <li>- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	People in Action	17

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.	Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa.	PE	25
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas.	Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación.	TI	75
CA2.2 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos.	Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.</li> <li>- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> <li>- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Looking forward	17

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.	Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos.		
CA1.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiás, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, e control, compensación e cooperación básicas.	Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiás, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar.	TI	100

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual.		
CA2.3 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar ou seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar ou seu progreso.		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.</li> <li>- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaón e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.</li> <li>- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Body and mind	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais, os aspectos socioculturais e a tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades da interlocutora ou do interlocutor potencial a quen vai dirixido o texto.	Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes.	PE	25
CA1.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, e control, compensación e cooperación básicas.	Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns.		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos.	TI	75
CA2.1 - Comparar e, de forma guiada, argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Comparar e, de forma guiada, argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas.		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaón e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir.</li> <li>- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais.</li> <li>- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.</li> <li>- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.</li> </ul>

**Contidos**

- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
5	On the dark side	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta.	PE	25
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa.	TI	75
CA1.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade.		
CA2.3 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar ou seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propondo con axuda vías de solución a aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura.</li> <li>- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e a comunicación, sistema escolar e formación.</li> <li>- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.</li> <li>- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.</li> <li>- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.</li> <li>- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Material world	18

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais, os aspectos socioculturais e a tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades da interlocutora ou do interlocutor potencial a quen vai dirixido o texto.	Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas.	TI	100
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas.	Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual.		
CA2.2 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar.		
CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos.	Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.</li> <li>- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.</li> <li>- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> <li>- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Os alumnos/as que empezan 3º da ESO, polo xeral, vense a eles mesmos como estudantes de inglés no ensino secundario. Tanto se a súa actitude é positiva como negativa, o comezo de 3º da ESO ofrécelles unha excelente oportunidade de avaliar o seu propio progreso en inglés e de fixarse novos obxectivos que lles axudarán a enfrontarse aos retos desta etapa do sistema educativo. Para determinar os coñecementos previos de inglés que teñen os alumnos/as que entran en 3º da ESO, utilizamos dúas importantes ferramentas: 1) un exame de diagnóstico para o principio do curso co fin de avaliar os seus coñecementos previos; 2) tarefas en diferentes agrupamentos para facer unha diagnose sobre o nivel dos alumnos nas catro destrezas.

Unha lectura atenta dos resultados das devanditas ferramentas de avaliación fornecerá información esencial sobre os alumnos/as e fará que estes se sintan máis valorados na súa nova contorna. É importante explicarlles os criterios de cualificación e avaliación que se utilizarán ao longo do curso.



Esta programación está baseada en actividades, tarefas e proxectos que consigan o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado. Nela existe un equilibrio entre as probas formais e os enfoques por tarefas, por proxectos, CLIL dentro da contorna escolar e fóra do centro. Trátase de que o alumnado perciba a utilidade da lingua estranxeira mediante tarefas que relacionen o que se fai na aula coa vida real. Así mesmo, a utilización da aula virtual e o libro de texto e libro de traballo como material de aprendizaxe complementario supón a diversificación de instrumentos de aprendizaxe e de avaliación permitindo a atención ás diversas capacidades de aprendizaxe da aula.

#### I. Proxectos colaborativos

A planificación de proxectos para cada trimestre é esencial nesta programación. Os proxectos colaborativos poden fomentar habilidades sociais e intelectuais importantes, ademais de contribuír a preparar aos alumnos/as para unha vida laboral na que o traballo en equipo, a mediación e a colaboración están a abrirse paso. Os proxectos colaborativos poden reforzar as seguintes habilidades: realización de tarefas complexas a través de pasos máis sinxelos, xestión do tempo, desenvolvemento de habilidades comunicativas, delegación de responsabilidades, posta en común de coñecementos e habilidades, fomento da responsabilidade, e comentarios sobre o traballo realizado por un/a mesmo/a e os compañeiros/as.

#### II. Creación de grupos

Utilizaranse agrupamentos variados que imiten o diálogo e interacción que se produce na vida real. Para formar os grupos, é necesario ter en conta varios aspectos, como o comportamento, o rendemento académico, as habilidades artísticas e as habilidades sociais. Non é recomendable que os alumnos/as sexan os encargados de formar os grupos, xa normalmente buscarán aos seus amigos/as.

#### III. Presentación do proxectos ante a clase

Trátase dunha boa oportunidade para compartir as rúbricas de avaliación cos alumnos/as, de modo que saiban de antemán como llos avaliará a través do proxecto.

#### IV. Asignación de tarefas e investigación

Os alumnos/as deben preparar unha táboa coa repartición de tarefas. As tarefas de investigación poden levar a cabo fóra do horario escolar. O profesorado pode elixir que parte do traballo facer en horario lectivo e cal na casa.

#### V. Posta en común das tarefas individuais e desenvolvemento do proxecto final

Os alumnos/as deberán poñer en común a parte que se lles asignou para debater sobre ela e modificala se é necesario. A continuación, deberán preparar o proxecto final. Mentres os grupos atópanse reunidos, os profesores/as deberán supervisalos, facerlles preguntas e animalos a traballar con eficiencia e cooperación.

#### VI. Presentación do proxecto

Os alumnos/as deberán presentar o seu proxecto. Unha vez que todos os grupos o fixeron, cabe a posibilidade de votar para seleccionar o mellor proxecto e de explicar os motivos da elección.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto Network 3, libro de traballo Network 3
Aula virtual con contidos SCORM.
Libro de exercicios Network 3



Utilizaremos a unidade do libro de texto Network 3 para implementar a unidade. Na aula virtual aparecerán paquetes de contidos SCORM para o seguemento, e con actividades de reforzo e extensión.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Para determinar os coñecementos previos de inglés que teñen os alumnos/as que entran en 3º da ESO, utilizamos dúas importantes ferramentas: 1) un exame de diagnóstico para o principio do curso co fin de avaliar os seus coñecementos previos; 2) tarefas en diferentes agrupamentos para facer unha diagnose sobre o nivel dos alumnos nas catro destrezas.

Unha lectura atenta dos resultados das devanditas ferramentas de avaliación fornecerá información esencial sobre os alumnos/as e fará que estes se sintan máis valorados na súa nova contorna. É importante explicarlles os criterios de cualificación e avaliación que se utilizarán ao longo do curso.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	25	25	0	25	25	0	<b>15</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	75	75	100	75	75	100	<b>85</b>

### Criterios de cualificación:

1) Nas avaliacións, todas as probas formais, as tarefas e proxectos valoraranse co seguinte peso na nota final de cada avaliación consonte á cualificación:

- \* Listening: 15%
- \* Speaking: 15%
- \* Reading Comprehension: 15%
- \* Writing: 15%
- \* Use of English (Grammar and vocabulary): 15%
- \* Graded readings: 10%
- \* Nos proxectos e tarefas finais, avaliadas mediante rúbricas, a creatividade, o pensamento crítico, a colaboración e o traballo persoal, valoraranse ata un 15%

2) Para o cálculo da nota final de curso, terase en conta o carácter progresivo da materia. Obterase a nota final ponderando as avaliacións da seguinte maneira:

- \* 1ª avaliación: 20%
- \* 2ª avaliación: 30%
- \* 3ª avaliación: 50%

3) Para aprobar o alumnado terá que acadar un mínimo de 5 puntos. No caso de obter unha nota con decimais, farase un redondeo ao enteiro inmediatamente superior (cando o decimal é 0.5 ou superior) ou inferior (cando o decimal é 0.4 ou inferior).

### Criterios de recuperación:

A diversificación de probas, tarefas e proxectos (e por tanto notas) permite, por unha banda, aumentar o reforzo e as oportunidades para acadar os obxectivos mínimos na materia, e, por outra, a atención á diversidade de capacidades da aula. Así mesmo, este Departamento realizará actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría. Para o alumnado que, unha vez rematada a 3ª avaliación, non acadara o 5, a decisión do profesor, poderáselle realizar unha proba final. A nota final será calculada facendo a media aritmética da nota ponderada das tres avaliacións coa nota desta proba final, téndose en conta en calquera caso:

-Se a nota da proba final é 5 ou superior, aínda que a media resultante entre a nota das tres avaliacións ponderada con esta proba final sexa inferior a 5, a nota final será de 5 puntos.

-Se a nota desta proba final é inferior a 5 e a media resultante é inferior á nota ponderada das tres avaliacións, conservarase a nota que sexa máis vantaxosa.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Dado o carácter progresivo da materia, o alumnado que entregue feitas todas as tarefas de reforzo dispoñibles na Aula Virtual (adecuadamente e en prazo) e aprobe a 1ª e 2ª avaliación do curso actual, aprobará automaticamente a materia dos cursos anteriores. No presente curso 23-24, as tarefas de reforzo deberán ser entregadas por parte do alumnado ao profesorado que imparte a materia no curso no que estea matriculado, os días 29 de novembro, 7 de febreiro e 29 de abril.

Cada profesor/a informará previamente ao alumnado que teña con materia pendente deste material de traballo, que se baseará nos mínimos esixibles para preparar a proba final, no caso de que a teñan que facer.

O alumnado recibirá información dos contidos lingüísticos avaliados e aspectos a avaliar. O alumnado que non supere a materia por esta vía, terá que realizar as probas para alumnado con materias pendentes correspondentes aos cursos non superados. A nota obtida nas devanditas probas suporá o 80% da cualificación. O 20% restante procederá dos TRABALLOS DE REFORZO (handouts) propostos polo profesorado do departamento e do esforzo e traballo persoal nas clases do curso actual. As probas extraordinarias constarán dos mesmos contidos que as ordinarias.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

### **1) Alumnado repetidor**

O profesorado do departamento de Lingua Estranxeira (Inglés) elaborará tarefas de reforzo para cada curso nos que figurarán contidos lingüísticos esixibles, vocabulario e actividades das destrezas de reading e writing segundo a materia traballada o curso anterior e tarefas coas que se avaliarán eses contidos. Esta información será facilitada a cada estudante e ás súas familias. Cada docente fará un seguimento directo da evolución dos plans de traballo do seu propio alumnado coa materia de inglés pendente do curso anterior, aclarando as súas dúbidas e atendendo as súas peticións en canto aos materiais de recuperación. Os criterios para a valoración positiva destes plans de traballo figuran na programación do Departamento de Inglés. As probas das avaliacións ordinaria e extraordinaria elaboraranse de forma conxunta entre todos os membros do departamento.

2) Diversidade de capacidades: Coa axuda do departamento de orientación os docentes deste Departamento darán reforzo individualizado ao alumnado que o precise. Para atender á diversidade de capacidades, o deseño de tarefas de niveis diferentes (de extensión e reforzo), variadas e multimodais ten como obxectivo facer accesible a aprendizaxe da lingua estranxeira a todo o alumnado.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e a competencia dixital.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Igualdade entre mulleres e homes, e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual,	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A concienciación e formación sobre o cambio climático, así como a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.		X		X		X
ET.5 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - O traballo en equipo.	X	X	X	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas culturais	Invitaremos a persoas de países de fala inglesa a contar aspectos culturais e laborais.			

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realizo a programación da miña actividade educativa tendo como referencia o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e ou currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
Formulo os obxectivos didácticos de forma que expresan claramente as habilidades e competencias que os meus alumnos e alumnas deben conseguir como reflexo e manifestación da intervención educativa.
Selecciono e secuencio os contenidos da miña programación de aula cunha distribución e unha progresión adecuada ás características de cada grupo de alumnado e de acordo co establecido na PXA.
Adopto estratexias e programo actividades en función dos obxectivos didácticos, en función dos distintos tipos de contidos e en función das características do alumnado.

Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos (persoais, materiais, de tempo, de espazo, de agrupamentos, etc.) axustados á Concreción Curricular, á programación didáctica e, por riba de todo, axustado sempre, o máis posible, ás necesidades e intereses do alumnado.

Establezo, de modo explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguemento do progreso do alumnado e comprobar o grao no que alcanzan as aprendizaxes.

Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto del profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, departamentos, equipos educativos e profesorado de apoio).

### **Descrición:**

Con estes sete indicadores de logro, ligados a 5 niveis de rendemento (do 1 ao 5 para a autoavaliación) tentamos reflexionar sobre a nosa práctica docente, dende a nosa propia planificación curricular que parte do currículo oficial vixente, pasando pola programación de aula, a secuenciación de contidos, o deseño das experiencias de aprendizaxe, a flexibilización e diversificación das mesmas así como dos instrumentos de avaliación e a coordinación co equipo docente para poder fornecer experiencias educativas transdisciplinares, significativas e de aprendizaxe profunda.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Para a avaliación dos procesos de ensino e da práctica docente seguirase o protocolo de actuación establecido para todo o profesorado do centro.

A avaliación da intervención educativa permitirá constatar que aspectos da mesma favoreceron a aprendizaxe e en que outros deben introducirse modificacións ou melloras.

Os aspectos básicos aos que atenderá son os seguintes:

### 1) Planificación das tarefas:

- \* Valoración da planificación realizada, analizando os resultados.
- \* Organización dos espazos, tempos e materiais.
- \* Adecuación das programacións e as medidas de reforzo.

### 2) Participación:

- \* Relación familia-escola. Colaboración e implicación dos pais/as nais.
- \* Relación entre os/as alumnos/as, e entre estes e o profesorado.

### 3) Organización e coordinación do equipo docente:

- \* Ambiente de traballo e participación.
- \* Clima de consenso e aprobación de acordos.
- \* Implicación dos membros.
- \* Proceso de integración no traballo.
- \* Distinción de responsabilidades.

### 4) Os resultados da avaliación do proceso de ensino incidirán na adaptación do currículo e da programación didáctica.

5) A valoración realizarase por parte dos equipos de docentes, por parte de cada docente e no Claustro, polo menos ao finalizar cada avaliación. Fomentarase o clima de consenso e o respecto aos acordos, levándose a cabo o debido seguimento. Os procedementos e instrumentos para avaliar o proceso de ensino serán:

- \* Cuestionarios: Aos/as alumnos/as e aos pais/nais.
- \* Intercambios orais: Entrevista con alumnos/as, Debates. Entrevistas e Reunións con pais/nais.
- \* Observador/a externo/a.
- \* Resultados do proceso de aprendizaxe dos/as alumnos/as.
- \* Informes propios do centro (informe do Equipo docente e autoavaliación da práctica docente).

## 9. Outros apartados